

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CONXUNTAS DE PROMOCIÓN DE ESPACIOSCO-WORKING

En Santiago de Compostela, a 19 de maio de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz González Loroño, en nome e representación, como Directora-Xerente, da **Fundación Cidade da Cultura de Galicia**, con N.I.F. G15721640 e domicilio social en Gaiás– Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC 3º andar (Monte Gaiás), 15707, Santiago de Compostela, segundo poder outorgado ao efecto polo Padroado da Fundación en sesión do día 8 de outubro de 2010.

E doutra, _____, con D.N.I. nº _____, en calidade de _____, en nome e representación da **Fundación Paideia Galiza**, con N.I.F. _____ e domicilio en _____, con facultades suficientes para o outorgamento do presente Convenio de colaboración, que lle foron conferidas por acordo adoptado na reunión de Padroado da Fundación, de data _____ e poder outorgado ante o Notario D. _____, o _____, co número _____ do seu protocolo.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA foi constituída o 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución. Por Orde da Consellería de Cultura da Xunta do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm.26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta co número 73. Forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo o artigo 6 dos seus estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, constitúe o seu obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constituía un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.

A Fundación ostenta a titularidade Cidade da Cultura de Galicia (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás de Santiago de Compostela. En data de 21 de xuño de 2012, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Estratéxico da Cidade da Cultura para o período 2012-2018 (ou Plan Gaiás). Este Plan pretende facer do Gaiás o motor de desenvolvemento socio-económico baseado na cultura, a innovación e a proxección exterior. O Plan é unha aposta pola innovación, a imaxinación e a creatividade como aspecto fundamental para o crecemento económico elaborado con criterios de eficiencia e austeridade.

Entre as medidas previstas do citado Plan, figura especificamente a de Prestación integral de apoio ao emprendemento de novas empresas culturais e creativas (Plan de actuación - PE.4 Emprendemento: Obxectivo estratéxico -3.2: Indicador Base e Empresas Incubadas: Obxectivo 2015-100)

Esta medida concluíu na habilitación dun espazo co-working para creadores e emprendedores das industrias culturais e creativas, un viveiro de empresas que posibilita a incubación de proxectos empresariais innovadores e a posta en marcha dun programa de asesoramento e acompañamento de creación de empresas creativas.

SEGUNDO.- Que a FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA, é unha entidade sen ánimo de lucro, titular do Centro de Iniciativas Empresariais “MANS”, que considera de gran relevancia a realización de actividades dirixidas a favorecer a xeración e creación de empresas así como o impulso e promoción do emprendemento.

TERCEIRO.- Que a iniciativa Centro de iniciativas empresariais Mans (con centros de coworking en A Coruña y Padrón), desenvolta pola Fundación Paideia Galiza, comparte obxectivos e finalidades co espazo Emprende Cultura Gaiás ou espazo Coworking promovido pola Fundación, e que se atopa situado no Centro de Emprendemento Creativo de Galicia.

Esta actuación enmárcase no Plan de actuación **MK.S.1 Marca Gaiás** do Plan Estratéxico 2012-2018 aprobado para Gaiás Cidade da Cultura de Galicia [Obxectivo estratéxico 3.3 (Indicador base e Coñecemento da marca Gaiás (nacional), Obxectivo 2015: 70%]

Actuacións:

- Xerar coñecemento da institución, dando a coñecer a súa misión, visión e valores (utilidade), situando ao Gaiás como punto de conexión cultural entre Galicia e o mundo.



- Diseñar un programa de relacións públicas con axentes, centros e institucións culturais afíns en Galicia, España e o mundo para conseguir un posicionamento idóneo.

En virtude do exposto, as partes acordan a celebración do presente convenio, de acordo coas seguintes.

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto do presente convenio a colaboración entre ambas as entidades, para a promoción, difusión e posta en valor dos seus respectivos espazos co-working / incubadoras. En concreto, a colaboración recíproca abarcaría os seguintes puntos;

- I. Permitir aos usuarios dun espazo de co-working xestionado por unha das entidades convenientes, o uso dun espazo co-working xestionado pola outra parte asinante do convenio, sempre vinculado á dispoñibilidade de espazo efectivo e á ocupación do mesmo, con prioridade aos arrendatarios de cada un dos espazos.

O uso temporal do espazo será gratuíto para as empresas instaladas en calquera dos dous establecementos, durante o prazo máximo **dun (1) MES** continuado. O uso temporal do espazo incluírá os seguintes servizos; unha mesa de traballo con conexión a Internet, e os seguintes servizos comúns: sala de reunións con Internet wi-fi, proxector, impresora e escáner, despacho para reunións, servizos de seguridade, vídeo vixilancia (agás centro Mans en Padrón) e control de accesos, subministración eléctrica, auga, calefacción e servizo de limpeza.

- II. Participación dos usuarios dun espazo de co-working xestionado por unha das entidades convenientes, nos eventos de networking, exposicións e actividades promovidos pola outra entidade asinante do convenio.
- III. Desconto dun 50% nas actividades promovidas por cada unha das partes, durante o tempo que dure dita actividade.
- IV. Visibilización do empresario co-worker ou do seu produto no show room dedicado ao Espazo de Co-working que cada entidade teña nas súas instalacións (agás centro Mans en Padrón).



**XUNTA
DE GALICIA**

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC(3º andar), Monte Gaiás
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: (+34) 881 997 564 Fax: (+34) 881 997 577
E-mail: cidade.cultura@xunta.es
Web: www.cidadedacultura.org
NIF G 15721640



fundación cidade
da cultura de galicia

galicia

- V. Difusión, promoción e publicidade conxunta de eventos, exposicións e actividades propias de cada entidade, nas redes sociais xestionadas por ambas as institucións.

SEGUNDA.- COMPROMISO DAS PARTES

Ambas partes se comprometen a;

1. Poñer a disposición de usuarios dos espazos de emprendemento, as instalacións e equipamento previsto na cláusula anterior, para o uso temporal das mesmas segundo as características sinaladas *ut supra*.
2. Promover a difusión e promoción conxunta de ambos os espazos e trasladar a usuarios de co-working e/ou incubadoras información precisa do obxecto deste convenio.
3. Comunicar á outra parte asinante do convenio, con polo menos 72 horas de antelación, os datos das empresas interesadas en facer uso das vantaxes promovidas en virtude do presente convenio.
4. Programación de actividades conxuntas que repercutan obxectivamente en proxectos emprendedores relacionados coas industrias creativas e culturais, situados nos respectivos espazos co-working / incubadora.
5. Velar polo cumprimento dos deberes que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
6. Establecemento de canles de comunicación entre ambas as institucións.

TERCEIRA.- CONTIDO ECONÓMICO.

O presente convenio de colaboración non xera ningunha obrigação económica para as partes. Ambas as partes financiarán os gastos derivados das obrigações que asumen en virtude deste convenio con cargo aos seus orzamentos.

CUARTA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa firma, e estenderá a súa vixencia ata o día 19 de maio do 2017.



Non obstante o anterior, o convenio poderá prorrogarse automaticamente por períodos anuais, salvo que unha das partes denuncie expresamente e por escrito a vixencia deste convenio, cun mes de antelación a data na que se produza a prórroga automática.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento, formada por dous representantes por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá entre outras, as seguintes funcións;

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste acordo, definindo as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.
- Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

A comisión reunirse as veces que as partes estimen oportuno, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cunha antelación mínima de 1 semana, agás que se considere de urxencia, nese caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.

SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente convenio:

1. Acordo mutuo entre as partes.
2. Incumplimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para os espazos de co-working / incubadoras.

SETIMA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente Convenio de Colaboración ten carácter privado e está excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo dispón o artigo 4 desta normativa.



**XUNTA
DE GALICIA**

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC(3º andar), Monte Gaiás
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: (+34) 881 997 564 Fax: (+34) 881 997 577
E-mail: cidade.cultura@xunta.es
Web: www.cidadedacultura.org
NIF G 15721640



fundación cidade
da cultura de galicia

galicia

OITAVA.-XURISDICION

As partes comprométense a resolver de mutuo acordo calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio. Con todo, as cuestións litixiosas que poidan xurdir entre as partes someteranse aos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

E en proba de conformidade asinan por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Fundación Cidade da Cultura

Por Fundación Paideia Galiza

Beatriz González Loroño
Directora Xerente